



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

[www.vilasantar.com](http://www.vilasantar.com)

---

## **Acta da sesión ordinaria do pleno nº 11/15**

**Data 21-10-2015**

***Acta anterior 16-09-2015***



# Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

## Asistentes:

### Alcalde

D. Fernando Pérez Fernández

### Concelleiros presentes

D. Oscar Vázquez Corral  
 D. José David Pintor Pazo  
 D<sup>a</sup>. María del Carmen Torreiro Cotos  
 D. Jesús Gómez García  
 D. José Emilio Mahía Neira  
 D<sup>a</sup> Manuela García Freire  
 D. José Antonio Cotos Seoane  
 -D<sup>a</sup>. Marta García Sánchez

### Non asisten

### Secretario .

D. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

## Acta pleno 11/2015

### Acta da sesión ordinaria celebrada polo pleno deste concello o día vinte e un de outubro de dous mil quince.

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as trece horas e catro minutos do día vinte e un de outubro de dous mil quince, baixo a presidencia do sr. alcalde e coa asistencia dos concelleiros expresados na marxe, reúnese o pleno deste concello no local habilitado ao efecto na Casa do Concello. Hai un cidadán presentes en calidade de público, ao que se lle une outra no punto 2.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente indica que esta sesión vai ser gravada. En consecuencia a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

A continuación pasouse ao estudo da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

### **1.- Aprobación de actas anteriores** (00h 00')

O alcalde expón que as actas que corresponde aprobar son as 8, 9 e 10 de 2015.

Antes de iniciarse o estudo deste punto da orde do día a portavoz do BNG pregunta por que se fai o pleno neste día, explicando o alcalde que por erro convocouse para o 2º mércores de mes, cando debería de ser o xoves, vostede que me comentou que era o xoves, polo que tivemos que convocar para o cuarto (pois o primeiro xoves era o día 1 de mes), entón José A. Cotos Seoane, do BNG, comentoume que entón prefería o mércores, por iso se convocou en mércores. A portavoz do BNG agradece que se lles avisara con tempo, pero queixase da certa descoordinación que houbo e solicita que sexa en xoves como se acordou.

A continuación trátase o punto de aprobación das actas anteriores, acordándose aprobar as actas mencionadas e, a proposta do secretario, tamén a 7 de 2015, que estaba pendente, neste caso coa seguinte modificación:

No caxetín da acta en vez de aparecer os concelleiros da actual corporación aparecen os da anterior.

Coa anterior corrección quedan aprobadas as actas mencionadas (7, 8, 9 e 10)

### **2.- Control dos actos de goberno e Comprobación da recepción das**



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

### actas da Xunta de Goberno Local.(04' 10'')

A portavoz do BNG comenta que nalgúñas actas fálase de anexos I e II e non chegan eses anexos

(Neste momento entra unha nova persoa entre o público).

A continuación a portavoz do BNG quéixase de que nas facturas non veñen os conceptos e que sendo así terán que pedir fotocopias de todas as facturas, contestando o alcalde que entendía que iso xa se recollera.

O secretario do concello, a petición do alcalde, comenta que nas facturas aparece a información que facilita o programa sicalwin, meter nova información habería que facelo a man.

Tras un breve debate o BNG indica que eles van ver como se fai porque o seu traballo é controlar ao goberno municipal

### 3.- Aprobación no seu caso do Plan Económico Financeiro (07' 01'')

A continuación o Sr. alcalde explica brevemente as razóns e o contido da proposta de Plan económico financeiro, explicando que , segundo escrito con RE 587 de 04-05-2015 da Xunta de Galiza, que le, este concello debe efectuar unha Reformulación do plan económico financeiro 2014-2015, por incumprir ao obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Indica que é moi semellante ao anterior e que o principal xa está feito, que foi a redución orzamentaria que se aprobou en abril de 2015.

Engade que se atopa informado pola Comisión especial de contas deste concello.

Finalmente indica que desta volta van empezar a contabilizar os aforros en RSU e iluminación pública. Segundo o informe de intervención cumprindo os número do mesmo, conseguiría a estabilidade, sendo un problema moi importe o da forte dependencia deste concello das subvencións, que nos obriga a anticipar gastos.

Tendo transcorridos (11' 49'') Manuela García Freire, portavoz do BNG, indica que a redución orzamentaria do 8 de abril de 2015 foi debida a liquidación de 2013 e que falta o informe de intervención entre a documentación que se nos remitiu xunto á convocatoria e que non entende como o plan pode coincidir coa redución orzamentaria mencionada e que se teñan que facer dúas reducións e os aforros de RSU e iluminacións.

Comenta que a estas alturas o concello debería de ter maiores datos, que non aparecen no Plan, como os datos reais de aforro da iluminación e non as previsións de que ese fala que son do mes de abril.

A continuación pregunta se no Plan se inclúe o cambio das luminarias que houbo que facer hai pouco, porque entende que a empresa non as pagou e que tería que facelo o concello. En resume



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

considera que o Plan é só para quedar ben. Contesta o alcalde que o fixo a empresa, obviamente, comentando a portavoz do BNG que o mantemento si tería que facelo o concello.

Con respecto ao lixo (RSU), pregunta se xa funciona a planta de transferencia de Teixeiro, contestando o alcalde que si.

Continúa indicando que no informe fálase de que “terase en conta no orzamento de 2015”, ou de que a liquidación do 2014 aínda non está feita, o que non é certo.

En resume, o máis importante que solicita é que se lle explique o da modificación do orzamento e como se volve a meter a mesma redución orzamentaria que se aprobou en abril. E pide o informe de intervención, que se acorda darlo ao finalizar a sesión.

O alcalde contesta que eu o que dixen antes non foi que non estamos facendo o que dicimos senón que nos estamos acollendo a unha subvencións que hai que adiantar os cartos, o que pode desvirtuar a efectividade do Pla, afectando formalmente á estabilidade e máis ao remanente, e que os defectos sinalados con respecto as datas, explícanse porque, efectivamente, o informe de intervención no que se apoia o Plan foi redactado en abril.

A continuación o secretario, a petición do alcalde, explica que a redución de que se fala é exclusivamente da aprobada en abril de 2015, non vai haber unha nova redución, pois con ela debería de cumprirse. O que se pretende noutros datos é fixar os criterios que conducirían á estabilidade orzamentaria non só neste exercicio (coa redución) senón en exercicios seguintes (con medidas estruturais). Hai un amplo debate entre a portavoz e o secretario, quen explica as cuestións da mesma.

Finalizado o debate e sendo (29'10") procédese á votación, sendo apróbaos o Plan económico financeiro por 6 votos a favor (PP) e 3 en contra (BNG).

#### **4.- Solicitude de acollerse ao Réxime especial de reintegros dos saldos debedores resultantes da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2013, segundo o disposto na Disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. (29' 21")**

A continuación dáse conta da Disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, na cal se establece o Réxime especial de reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das Entidades Locais na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2013 e, máis en concreto, dos seus apartados 1 e 2, que din:

*1. O reintegro dos saldos que resulten a cargo das entidades locais na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2013 poderá fraccionarse nun período*



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

de 10 anos, exceptuando o réxime de reintegros aplicable con carácter xeral e contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.

2. A aplicación da excepción recollida no apartado 1 anterior requirirá a presentación da solicitude polas Entidades Locais, que deberá ser aprobada polo Pleno da corporación local e remitirse polo interventor ou o secretario-interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con firma electrónica con anterioridade a 1 de novembro de 2015.

Á vista do anterior o Pleno do concello, por unanimidade dos asistentes, acorda:

-Solicitar o fraccionamento nun período de 10 anos do reintegro dos saldos que resultaron a cargo desta entidade local na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2013, e que ascende a un total de 5.158,73 euros.

### **5.-Mocións** (32' 10")

A continuación dáse conta da seguinte moción:

#### **A/ Escrito con número de RE 1697 de data 15-10-2015 presentado polo grupo municipal do PP, denominada "Moción para a promoción do leite galego" (32' 10")**

A continuación dáse conta do Escrito con número de RE 1697 de data 15-10-2015 presentado polo grupo municipal do PP, denominada "Moción para a promoción do leite galego", o cal incluíase na documentación remitida xunto á convocatoria da sesión, que se unirá como **anexo ao presente acordo e anexo I** á acta do presente pleno.

Toma a palabra o portavoz do PP e alcalde do concello Fernando Pérez Fernández, quen a le sucintamente a moción e na súa literalidade a proposta de acordo que é a seguinte:

1. Solicitar á Consellaría de Medio rural e do mar a adhesión do concello de Vilasantar á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas "Galega 100%"
2. Promover accións , en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de "Galega 100%" entre os consumidores en xeral.
3. Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé entre outros, nos seguintes aspectos:
  - a) Difusión da campaña publicitaria "Galega 100%"
  - b) Accións de concienciación coas organizacións de consumidores mediante o reparto de leite "Galega 100%" e a visita de explotación gandeiras e industriais lácteas adheridas a "Galega 100%"
  - c) Accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo "Galega 100%"
  - d) Medidas de entrega de leite "Galega 100%" nos principais eventos lúdicos-festivos e deportivos deste concello
4. Solicitar á deputación da Coruña que elabora un plan de apoio ao sector lácteo para mellorar a calidade do leite nas explotación gandeiras do concello de Vilasantar en colaboración coas



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

*cooperativas, de forma coordinadas con outras que se acheguen dende a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural e Mar.*

A continuación toma a palabra a portavoz do BNG, Manuela García Freire (34' 19"), le un texto no que, en resumo, dise que esta moción entenden que ten o obxectivo de tapar a venda que se fixo do sector leiteiro galego en Madrid, poñéndose do lado das industrias e distribuidoras e non dos gandeiros e gandeiras, que non fala do prezo nin de garantir a recollida de todo o leite, non dop contrato tipo, que non van desaparecer os contratos lixo, inferiores aos 24 céntimos.

Consideran que non chega con facer unha campaña publicitaria, cuns cartos que van dar ás empresas publicitarias e non aos gandeiros e gandeiras, que cando se refire á baixa de consumo dun 3% refírese a nivel mundial.

Finaliza dicindo que o PP propón a elaboración dun programa para mellorar a calidade do leite de Vilasantar, preguntando por cales son os defectos detectados no leite de Vilasantar, para ter que facer esa campaña.

Refírese a continuación a unha noticia na Voz de G., na que se di que o consumidor subúsenos 5 céntimo o litro mentres ao gandeiro subúselles 1 único céntimo. Segue a haber reclamo a través do leite nas superficies comerciais.

Ás (38' 42") interrompe o alcalde, producíndose unha pequena discusión en que o alcalde lle pide á portavoz da BNG que se centre, contestándolle esta que di o que pensa. Finalmente o debate céntrase no punto catro da proposta da moción.

Finalmente a portavoz do BNG propón apoiar a moción se se retira o punto 4, pois consideran que non ten sentido, pois o leite de Vilasantar xa é de calidade. Propón aprobar os tres puntos restantes máis o textos dunha moción da Deputación provincial, que le (40'53"):

“Instar ao goberno galego e ao goberno do estado a que a través de todos os mecanismos de que dispoñen, apremen as industrias e os primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

Instar ao goberno galego a que garanta a percepción dop prezo do leite en orixe xusto e a que cubra os gastos de produción .

Instar ao goberno galego a crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de fondos e velando polo cumprimento destes.

Instar ao goberno galego a establecer neste ámbito os criterios indicadores sobre os que debe construírse a cadea do valor do leite e por tanto o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, vixiando e sancionando os contratos lixo de modo que se consideren nulos e se logre o compromiso coa industria para recolocar ese leite no mercado así como os mecanismo para garantir a recollida de toda a produción e reclamar a modificación do Real decreto 125/2015, coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

posibilidade real de negociación entre produtores e industria, a resolución contractual de mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume máximo de tolerancia así como instrumentos de mediación e vixianza do cumprimento das producións e de negociación e cumprimentos contractuais.

De incluírse estes puntos e os tres da presente moción votaríamos a favor, senón absteríámonos. O que se pretende é que os cartos vaian aos gandeiros e non á publicidade

O alcalde contesta lembrándolle á portavoz do BNG a acta do pleno 09/2015 de 13 de agosto preséntase unha moción en defensa do sector lácteo na cal se inclúen varios puntos que acaba de ler, como o de reclamar a modificación do Real decreto 125/2015. Esa moción foio aprobada por unanimidade.

Hoxe a moción é distinta, non son equiparábeis, estase pedindo unha promoción do leite galego de calidade. O grupo de goberno ten manifestado claramente o seu apoio as gandeiros, concluíndo, entre interrupcións, que non hai transacción coa proposta do BNG.

a portavoz do BNG, Manuela García Freire intervén para aclarar a súa postura, producíndose un debate co alcalde no que se reproducen basicamente os argumentos expostos.

Finalmente volve a incidir sobre o ultimo punto da proposta da moción en estudo, preguntando por que é necesaria unha mellora da calidade do leite de Vilasantar, cando por outra banda recoñécese que esa calidade é excelente. Finamente propón votar a favor se hai transacción.

Sendo as (49'20") toma a palabra ao alcalde que indica que tal vez a palabra "mellora" incluída no punto 4 da moción non é a máis adecuada chegándose, tras un breve debate, a un acordo coa portavoz do BNG de retirar esa parte, pois se considera que a calidade do leite de Vilasantar é excepcional, quedando o punto 4. da proposta de moción do seguinte xeito:

*4. Solicitar á deputación da Coruña que elabora un plan de apoio ao sector lácteo en colaboración coas cooperativas, de forma coordinadas con outras que se acheguen dende a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellaría de Medio Rural e Mar.*

Sometese a a votación a Moción na súa nova redacción, que é a seguinte:

- 1. Solicitar á Consellaría de Medio rural e do mar a adhesión do concello de Vilasantar á campaña promocional do leite de calidade diferenciada producida nas explotacións galegas "Galega 100%"*
- 2. Promover accións , en conxunto cos colectivos sociais e empresariais deste termo municipal, para levar a cabo accións de promoción de "Galega 100%" entre os consumidores en xeral.*
- 3. Desenvolver esas medidas de inmediato, facendo fincapé entre outros, nos seguintes aspectos:*
  - a) Difusión da campaña publicitaria "Galega 100%"*
  - b) Accións de concienciación coas organizacións de consumidores mediante o reparto de leite "Galega 100%" e a visita de explotación gandeiras e industriais lácteas adheridas a "Galega 100%"*



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

c) *Accións de promoción entre o gremio hostaleiro mediante o reparto de leite amparado co selo "Galega 100%"*

d) *Medidas de entrega de leite "Galega 100%" nos principais eventos lúdicos-festivos e deportivos deste concello*

4. *Solicitar á deputación da Coruña que elabora un plan de apoio ao sector lácteo en colaboración coas cooperativas, de forma coordinadas con outras que se acheguen dende a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellaría de Medio Rural e Mar.*

Realizada a votación, a moción é aprobada por unanimidade de dos asistentes.

### **6.- Rogos e Preguntas (52' 50")**

A/ Escrito presentado pola concelleira do BNG Marta García Sánchez con RE 1668, de data 10-10-2015 encol da terminación do prazo de garantía da obra "millora de eficiencia enerxética en alumeados públicos no concello de Vilasantar" (52' 50")

A continuación o sr. Alcalde dá lectura ao escrito presentado pola concelleira do BNG Marta García Sánchez con RE 1668, de data 10-10-2015 encol da terminación do prazo de garantía da obra "millora de eficiencia enerxética en alumeados públicos no concello de Vilasantar", que se une como anexo II á presente acta. As preguntas contidas no escrito son as seguintes:

- 1.- Cando remata o prazo de garantía da obra?
- 2.- Cal é a data do escrito do concello no que se lle comunica á empresa as múltiples deficiencias?
- 3.- Cal é a data do escrito do concello no que se lle comunica aos técnicos redactores do proxecto as deficiencias que ten o proxecto?
- 4.- Cal é a data do escrito no que se lle comunica ao director da obra os defectos atopados?
- 5.- Que medidas correctoras se van a realizar?
- 6.- En que medidas afectan as deficiencias na obra á subvención que nos concedeu INEGA de 44.491,45 euros?

Solicitamos así mesmo copia dos documentos citados nas preguntas 2, 3, 4, e 5.

O alcalde vai lendo e contestando as preguntas:

1. O remate da garantía será o 14 de novembro de 2016, pois era de dous anos.
2. É a empresa quen comunica ao concello os defectos, todos eles veñen causados polo proxecto. A partir de aí actuamos, damos conta ao INEGA, habendo unha inspección, que amosa, favorábel e tamén o INEGA dá por bo o proxecto.
3. Tanto a empresa Efigal coma o concello poñémonos en contacto cos redactores do proxecto, que non se lles paga. Co aforro acométese a financiamento das actuacións.
- 4.- Con respecto ao director, comproba que hai concordancia entre o proxecto e a obra, que é o que ten que facer. En caso contrario poderíase perder a subvención, como pasou en Boimorto.





## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

5. Só restan por resolver o das fernandinas, pendente dun estudio lumínico. A empresa que fai as luminarias comprometeuse a resolvelo.

6. As deficiencias non afectan a subvención. É un problema de garantía co fabricante.

A continuación refírese a que este asunto xa foi tratado na sesión anterior, e nel en ningún se di por ninguén que haxa escritos do concello, lendo unha parte do mesmo. O fundamental é que se van cambiar todas as farolas fernandinas.

Transcorridos (1h 01' 06" ) do inicio do pleno, toma a palabra a concelleira do BNG Marta García Sánchez, preguntando se hai algún compromiso por escrito da empresa de que se van reparar as deficiencias.

Contesta o alcalde que as relacións son coa empresa Afigal, que non hai compromiso oficial por escrito, hai correos electrónicos, lendo algún.

Intervén a portavoz do BNG para remarcar que non hai compromiso por escrito, contestando o alcalde que non ten dúbidas de que se vai solucionar, que hai correos electrónicos, que aínda hoxe pola mañá falouse dun prazo de 2 ou 3 semanas para facelo.

### B/ Devolución da paga extra de 2012 (1h. 04' 32" )

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta como vai facer o concello para devolver a paga extra, contestando o alcalde que a data de hoxe non teñen previsto a devolución, que existe ese dereito e que o único que non tería dereito é a alcaldía.

### C/ Pago das facturas de investimento (1h. 05' 44" )

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta por como se van pagar as facturas de pequenas obras, para as que non hai orzamento, contestando o alcalde que ata hai pouco iamos mellorando na ratio de período medio de pagos, actualmente non se está a pagar por problemas desaxustes entre os ingresos e os gastos nas subvencións, só se paga o obrigatorio.

Manuela García Freire, portavoz do BNG, indica que non fala diso senón das facturas de investimento, contestando o alcalde que moitas están incluídas en subvencións finalistas, aclarando Manuela García Freire que se refire as obras de mantemento que non son correntes, senón de investimento, de capital, esas partidas que están a cero, contestando o alcalde que o terá que estudar con intervención.

### D/ Escola do Cefae (1h. 09' 00" )

José Antonio Cotos Seoane, concelleiro do BNG, pregunta pola situación da escola de agricultura



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

ecolóxica (CEFAE) contestando o alcalde que o Cefae é municipal e que se está utilizando actualmente, co Alex Bergantiños, o obradoiro, etc. Certamente debería ter máis usos, para iso estamos en contacto coa Universidade de Vigo que nos van entregar unha documentación para a licitación. Lembramos que as persoas as que deixamos estar na escola, o Millo e Landras e acordamos de mutuo acordo que a deixarán nun prazo de 2 meses, xa que se vai licitar é necesario que non haxa ninguén externo ao concello.

Engade que temos solicitado ao GDR das Mariñas a nosa inclusión no mesmo (e non no de Ordes) e que se inclúa o Cefae para promocionalo. Tamén estamos preparando un proxecto de emprego co Consorcio das Mariñas para utilizar o Cefae.

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta a que se vai dedicar o Cefae e que pasa cos outros proxectos que había, pois se se vai licitar e porque se sabe a que se vai dedicar.

Contesta o alcalde que non había outros proxectos, había xente interesada en utilizar as instalacións do Cefae.

A continuación dáse unha discusión sobre se se dixo “estudio” ou “pregos”.

Manuela García Freire, portavoz do BNG, pregunta se xa entregou o estudio de viabilidade, contestando o alcalde que si, ao que Manuela García Freire que non lles consta, cónstalles un estudio dunha empresa pero non da universidade, contestando o alcalde que esa empresa é da Universidade de Vigo. Hai un forte debate, comprobándose finalmente que a portavoz do BNG referíase a outro estudio, co de Agronovo, cando se solicitou unha subvención. Manuela García Freire pregunta se o concello non ten persoal para ter que acudir a un estudio externo por un importe de 5.000,00 euros para pedir unha subvención, indicando o alcalde que contestará no próximo pleno.

### E/ Servizo de madrugadores (1h. 18' 37")

José Antonio Cotos Seoane, concelleiro do BNG, pregunta por como está o servizo de madrugadores, contestando o alcalde que ese servizo é importante, de feito xa el o solicitara sendo alcaldesa Manuela García Freire o que é negado por esta, preguntando ao alcalde se ten documentos, producíndose unha discusión, sobre se se presentou ou se presenta agora por escrito e por quen.

Continúa o alcalde indicando que o servizo foi solicitado e que incluso o solicitou a concelleira do BNG, Marta García Sánchez, que non o usa, producíndose uha discusión na que se constata que agora presentouse por escrito por unha veciña. Continúa o alcalde que nós vimos a posibilidade de facelo e de feito empezou o 1 de outubro de oito a nove e media da mañá, e por agora hai pouca xente, un ou dous, chegando algún día a tres, pero está funcionando

### F/ Orzamento de emerxencia social (1h. 22' 11")

Marta García Sánchez, concelleira do BNG, pregunta por como está o orzamento de emerxencia social, contestando o alcalde que depende dunha subvención da deputación provincial, de ao redor



## Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

de 10.000,00 euros, e que asistente social dime que por agora, hai cartos. O servizo concédese en base a o informe da Asistente social.

Marta García Sánchez indica que pode haber xente con necesidades pero que non pide, contestando o alcalde que hai información, mesmo a través do boletín municipal. Intervén Manuela García Freire indicando que tal vez sería bo que dende servizos sociais se fixese un estudo para detectar esas necesidades, contestando o alcalde que conste en acta esa petición para trasladarlle a servizos sociais.

### G/ Estudo enerxético (1h. 25' 56")

José Antonio Cotos Seoane, concelleiro do BNG, pregunta se se ten pensado realizar algún estudo enerxético, contestando o alcalde que se teñen realizado varios, tanto na época do BNG como agora e que o que temos agora é un informe de previsión, que valoraban en 15.786,70 euros o aforro pola baixada dos vatios. Non está feito un estudo actual, que temos pensado facelo.

### H/ Centro de saúde (1h. 28' 43")

José Antonio Cotos Seoane, concelleiro do BNG, pregunta por cando se prevé que estea cedido o mantemento do Centro de saúde, contestando o alcalde que o último escrito saíu nesta semana. Manuela García Freire, portavoz do BNG lembra que acordara a petición do BNG que se mande un escrito denunciando que a tardanza semellaba unha tomadura de pelo, contestando o alcalde que se mandaron varios escritos.

### H/ Camiño intransitábel (1h. 29' 50")

José Antonio Cotos Seoane, concelleiro do BNG, en relación a un camiño recén afeitado e que aínda está intransitábel, pregunta se se pensa amañalo, contestando o alcalde que é certo, que alguén tirou metralla nel e que hai que limpalo e tirala e que temos pensado facelo, e que esta situación pasa noutros moitos camiños das distintas parroquias.

E non habendo máis asuntos a tratar o Sr. presidente levantou a sesión sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos (duración de 1h. 31' 36"), do que eu, secretario, dou fe.

Vº e pr.  
O alcalde.

Asdo. Fernando Pérez Fernández



O secretario.

Asdo. Afonso Bieito Lorenzo Penela.

